

CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE CURTIS”

COMPARECEN:

Don Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis, actuando en nome e representación deste,

Don Francisco Gómez Portela, con DNI ***9659**, en nome e representación da empresa Obras Gallaecia, SL, con CIF B70018981

As anteditas persoas actúan no exercicio dos seus cargos, e na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente contrato administrativo, que asinan electronicamente na data sinalada xunto as sinaturas electrónicas

O secretario-interventor accidental da corporación, Óscar López Figueroa, da fe do acto.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

- Decreto nº 377, do 05/07/2024, polo que se incoa o expediente de contratación

- Logo da tramitación correspondente, resulta adxudicataria a empresa Obras Gallaecia SL que depositou o aval nº 0587624, constituído importe de 28.178,68 €, en concepto de fianza definitiva para responder aos conceptos previstos no artigo 110 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sobre os antecedentes que preceden, as partes proceden a outorgar contrato administrativo de execución de obra pública con base nas seguintes:

CLÁUSULAS:

1. Don Francisco Gómez Portela, en representación de Obras Gallaecia SL, comprométese á execución do contrato da obra denominada “Rehabilitación e ampliación de edificación para usos públicos no Concello de Curtis” nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, que se consideran parte integrante do presente contrato, e de acordo coa proposta presentada pola empresa.

2. Establecer como prezo do contrato a cantidade de 681.294,13 €, IVE incluído (importe sen IVE: 563.573,66 €)

3. O prazo de execución das obras é de seis meses, prazo que empezará a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo.

4. Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel relacionado coa obra, coas características e formato sinalados no anexo a este contrato.



Pr. de España, 1
15310 Teixeiro (A Coruña)
Tel. 981 789 003
Fax: 981 789 578
concello@curtis.es
www.curtis.es

Transcorrido o prazo sinalado pola administración o contratista deberá proceder á retirada do cartel á súa costa.

5. O prazo de garantía é de 5 anos, a contar desde a sinatura da acta de recepción.

6. O presente contrato ten carácter administrativo e ámbalas dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación vixente dos contratos das Administracións Públicas (Lei 9/2017), do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e disposicións de desenvolvemento) aplicándose, de xeito supletorio, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da súa execución, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos deste porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

FIRMADO POR FRANCISCO GOMEZ PORTELA (FECHA: 30/08/2024 11:47:00) , Javier Francisco Caínzos Vázquez (FECHA: 30/08/2024 14:19:00) , Oscar López Figueroa (FECHA: 30/08/2024 14:22:00) Versión imprimible

CVD: MmCliv783DFJyKI6aWU
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ANEXO



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

OBRA: “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO PARA USOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CURTIS”

IMPORTE DO PROXECTO : 681.924,13 €

CONTRATISTA: OBRAS GALLAECIA, SL